

VENRES, 21 DE DECEMBRO DE 2018 VIERNES, 21 DE DICIEMBRE DE 2018 | BOP NÚMERO 243

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### LAXE

*Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal núm. 1 reguladora do imposto de bens inmobles (IBI) deste concello de Laxe*

#### ANUNCIO

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI) DESTE CONCELLO DE LAXE

O Pleno da corporación municipal do Concello de Laxe, na sesión ordinaria celebrada o 14 de setembro de 2018 acordou a aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal núm. 1, reguladora do imposto de bens inmobles (IBI) deste concello de Laxe.

Someteuse o expediente a información pública, mediante anuncio no BOP núm. 197, do 16/10/2018, no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro da sede electrónica deste concello, polo prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación para os efectos de examinar e presentar as reclamacións polos interesados.

Durante este período non se presentaron reclamacións, polo que queda elevado a definitivo o acordo plenario inicial, cuxo texto íntegro se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

#### ORDENANZA FISCAL NÚM. 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)

##### Artigo 1

Utilizando a facultade contida no artigo 73.3 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, o tipo de gravamen do Imposto sobre Bienes Inmobilares aplicable neste municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

##### Artigo 2

1.- O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,5 por 100 (0,5%).

2.-O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,65 por 100 (0,65 %).

##### Artigo 3

1.- Estarán exentos do pago do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica aqueles que a cota líquida a ingresar non supere os 6,00 euros.

2.- Estarán exentos do pago do imposto sobre bens inmobles os centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma ou dos seus organismos ou entidades dependentes, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

##### Disposición Derradeira

A presente Ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir de 1 de xaneiro de 2019 e continuará en vigor en tanto non se proceda a súa modificación ou derogación expresa.

A aprobación da presente ordenanza levará consigo a derogación expresa de cantas disposicións municipais que afecten ao Imposto sobre Bens Inmobilares e contraveñan o disposto no presente articulado.

Laxe, 13 de decembro de 2018

O 1º. tenente de alcalde,

Ricardo Facal Castiñeira, delegación por ausencia

(Resolución núm. 759/2018, de 28/09/2018)

2018/9506